

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA INIBIC (FINIBIC) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA O IMPULSO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN TRASLACIONAL DE EXCELENCIA EN SAÚDE DE GALICIA (Programa InTrES)

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Don Antonio Gómez Caamaño, en calidade de Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, con CIF Q1500412J e domicilio social en Avda. Fernando de Casas Novoa, edificio CNL, nº 37, portal A-B, 1ª planta, CP 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), en nome e representación da mesma e en virtude das facultades que lle confire o artigo 11 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

E doutra, Don Luis Verde Remeseiro, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, en virtude do seu cargo como titular da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña, segundo se establece no artigo 22.a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 3 de abril de 2017 do Padroado da Fundación, inscrita co nº 1991/9 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 11 de novembro de 1991.

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica e lexitimación suficiente para subscribir este convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que polo decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante ACIS), adscrita á consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Segundo.- Que a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC (en adiante a FINIBIC) con domicilio no Hospital Materno Infantil Teresa Herrera en A Coruña, ten o obxecto de impulsar a investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización doutras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego.

O obxecto deste desenvolvemento fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante a colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

Terceiro.- Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde establecen como unha das súas liñas estratéxicas a promoción da investigación, innovación e transferencia dos resultados xerados nos centros de investigación e innovación sanitaria, tales como hospitais, centros de saúde e unidades de xestión e administración, co fin de potenciar un modelo de investigación traslacional orientado cara á innovación, que configure ao sector sanitario e actúe como motor de crecemento económico.

Cuarto.- Que a Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no artigo 131 que a Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas nos plans de investigación e innovación vixentes en cada momento. Tódolos centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación.

O 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan Galego de Investigación e Innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Neste contexto, o terceiro reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación. En relación con este reto, unha prioridade é orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e o benestar das persoas.

En consecuencia, o presente convenio de colaboración alíñase coa RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo ao reto 3 (Modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) e á prioridade 3 (Enfoque cara ás persoas). Adecúase co obxectivo estratéxico 1 (acadar un



ecosistema máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto), integrándose polo tanto no programa Integra.

Quinto.- Que para dar resposta a necesidade de implantar un núcleo de excelencia que fomente a colaboración e o intercambio do coñecemento mediante a colaboración entre os axentes implicados nas actividades de I+D+i en saúde, ponse en marcha este PROGRAMA PARA O IMPULSO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN TRASLACIONAL DE EXCELENCIA EN SAÚDE DE GALICIA (en adiante Programa InTrES) coa finalidade de impulsar a promoción da Investigación Biomédica e máis concretamente incentivar e incrementar a Investigación Traslacional nos centros asistenciais a través das entidades xestoras.

Neste senso, ambas partes impulsarán a investigación a través da coordinación das súas estruturas, dos seus coñecementos e das súas dispoñibilidades, impulsando a participación dos profesionais na investigación traslacional desenvoltas nas diferentes áreas temáticas.

Sexto.- Que para a Consellería de Sanidade, a través da ACIS, e a FINIBIC consideran que o convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa InTrES é un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da I+D+i de excelencia nas institucións sanitarias de Galicia.

Sétimo.- Que ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración neste ámbito para a realización de actividades de fomento da Investigación Traslacional de Excelencia e fomentar canais de comunicación comúns e apoiar o establecemento de sinerxias e aproveitamento de recursos dos axentes do sistema de divulgación do coñecemento en saúde.

Oitavo.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou de outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Dada a especificidade do obxecto do convenio de colaboración, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, debido as especiais características e singularidade da FINIBIC como centro de referencia no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde. Así mesmo, convenios de colaboración similares serán asinados co resto das fundacións sanitarias integrantes do sistema rexional de I+D+i sanitario e dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Noveno.- Por todo o anterior, a efectos do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei e no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa InTrES na FINIBIC, ente xestor da investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do convenio de colaboración será a realización dun conxunto de actividades dirixidas a impulsar o fomento da investigación traslacional no eido do Programa InTrES que permitan implantar un núcleo de excelencia que promova a colaboración e o intercambio de coñecemento así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica necesarios para incrementar a competitividade e a mellora da saúde da cidadanía, propiciando para elo a colaboración entre os axentes implicados en actividades de I+D+i de saúde e que sexan xestionadas pola FINIBIC para o período 2024-2026.

Segunda.- Actividades obxecto do Convenio

Tódalas actividades terán como finalidade acadar unha investigación científica traslacional de excelencia, xunto co desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, todo elo dacordo seguintes liñas de actuación:

- Incrementar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora dos principais axentes do ecosistema galego de I+D+i en saúde.
- Incrementar a difusión dos resultados da investigación científico-técnica e da innovación financiados con fondos públicos.
- Mellorar a educación científico-técnica da sociedade en todos os niveis.
- Colaborar na profesionalización da divulgación científica e apoiar o establecemento de sinerxias e aproveitamento de recursos dos axentes do sistema de divulgación do coñecemento en saúde.

Terceira.- Condicións económicas de financiamento das axudas

A ACIS financiará por un importe total de cento setenta e oito mil novecentos vinte euros (178.920€) as actuacións para as anualidades 2024, 2025 e 2026 con cargo á aplicación orzamentaria da ACIS e coa distribución que se indica no cadro seguinte, na cal existe crédito axeitado e suficiente:

Aplicación orzamentaria	Código do proxecto	2024	2025	2026
12.A1.561C.481.0	2022 00006	30.280,00 €	74.320,00 €	74.320,00 €

A ACIS, efectuará o pagamento anualmente do importe estipulado no convenio, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada na ACIS. Poderán realizarse pagamentos anticipados, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo a actuación nos casos nos que o gasto aínda non estea realizado. Este pagamento quedará suxeito ás seguintes condicións:

- a) Anticiparase ata o 80 % do importe da axuda concedida mediante resolución motivada sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.
- b) Coa sinatura do presente convenio realizarase o pagamento anticipado do 50% da subvención total concedida para a anualidade 2024. Para a segunda e terceira anualidade anticiparase o 50% do importe da subvención concedida para cada anualidade, tras a xustificación da anualidade anterior.
- c) A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte dos beneficiarios, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007 e realizarase mediante resolución motivada previa solicitude debidamente xustificada pola Fundación.
- d) Ata a completa xustificación por parte do beneficiario e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio, non se procederá ao pagamento do anticipo da seguinte anualidade.
- e) Tras a xustificación do anticipo, a Fundación poderá presentar xustificacións en función do ritmo de execución da acción subvencionada que darán lugar a pagamentos a conta que, sumados ao importe anticipado, non poderán superar o 80% da subvención. O 20% restante aboarase no momento da completa execución por parte do beneficiario e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2022/ C 414/01), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea á axuda prevista neste convenio, xa que se outorga a un organismo de investigación para actividades non económicas.

En aplicación do anterior, a axuda contemplada neste convenio non terá a consideración de axuda de Estado.

De acordo co disposto no parágrafo 21 do artigo 2.1.1 do Marco Comunitario, cando o organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación se utilicen case exclusivamente para unha actividade non económica, poderán quedar excluídos na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, sempre que o seu uso económico sexa puramente accesorio, é dicir, corresponda a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación ou estea estreitamente vinculado ao seu principal uso non económico, e teña un alcance limitado.

Cuarta.- Período de execución da actividade e prazo de xustificación



As actividades obxecto de axuda tense que ter realizados dentro do período de execución comprendido nos prazos seguintes:

Ano 2024	Dende o 1 de xullo do 2024 ata o 15 de decembro do 2024
Ano 2025	Dende o 1 de xaneiro do 2025 ata o 15 de decembro do 2025
Ano 2026	Dende o 1 de xaneiro do 2026 ata o 30 de novembro do 2026

En todo caso, os períodos de realización de gastos (emisión facturas) e realización de pagos dos gastos executados pola FINIBIC, deberán terse realizado dentro do período especificado para cada anualidade. Considérase gasto realizado o que se leve a cabo dentro do período de execución e sexa efectivamente pagado antes do vencemento do prazo para a presentación da xustificación da axuda.

O prazo de xustificación de execución do proxecto realizarase nas seguintes datas:

Ano 2024	Ate 15 de decembro do 2024
Ano 2025	Ate 15 de decembro do 2025
Ano 2026	Ate 30 de novembro do 2026

Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda e a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Recibida a documentación xustificativa da axuda, a ACIS, poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos a través do enderezo electrónico xestion.acis@sergas.gal, ao cal deberán dirixirse as respostas no prazo de dez días hábiles. No caso contrario solicitarase a documentación necesaria de acordo co establecido no parágrafo anterior.

A Comisión de seguimento considerada na Cláusula Décimo Cuarta do presente Convenio determinará e validará a realización das actividades e a súa xustificación en sesión ordinaria logo da recepción da documentación requirida á FINIBIC consistente nunha memoria detallada acreditativa da realización das actividades, da memoria económica abreviada comprensiva do desagregado dos pagamentos e dos gastos en que incorrera a FINIBIC en execución das mesmas dentro dos períodos comprendidos nas diferentes anualidades, e dos documentos xustificativos pertinentes.

Estes documentos xustificativos consistirán en documentación orixinal ou copias compulsadas das facturas ou documentos que teñan valor probatorio equivalente e en xustificantes de pagamento dos gastos realizados pola Fundación soportados mediante certificado bancario ou documento que teñan valor probatorio equivalente.



A axuda concedida será compatible con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade.

Quinta.- Compromisos, publicidade e autorizacións

1. A FINIBIC comprométese a:

- a) Desenvolver as actividades concretas recollidas na cláusula segunda a desenvolver ao longo das anualidades 2024, 2025 e 2026, con cargo a este programa InTrES.
- b) Pór a disposición dos profesionais dos grupos de investigación vinculados ao Servizo Galego de Saúde e á FINIBIC os equipos e servizos de apoio á investigación da súa titularidade para o desenvolvemento das actuacións do presente Convenio.
- c) Facerse cargo do seguimento, avaliación e control das actividades vinculadas á execución do presente Convenio.
- d) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- e) Subministrar toda a información necesaria para que ACIS poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- f) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e posibilitar a inspección e control dos órganos da ACIS co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- g) Comunicar á ACIS a concesión de calquera outra axuda concedida para o mesmo fin tan pronto se teña coñecemento da mesma.
- h) No caso de cesión de datos cumprir as esixencias da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.
- i) Cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- j) Facerse cargo da comunicación e a publicidade asociadas ao presente Programa InTrES.
- k) Dar consentimento expreso á ACIS para o cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a través da páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.
- l) Dar consentimento expreso á ACIS para o tratamento necesario dos datos relevantes deste programa e a súa publicación na páxina web da Axencia e no Diario Oficial de Galicia, coas



excepcións previstas no artigo 15.2ºd) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Pola súa parte, a ACIS comprométese a:

- a) Facerse cargo do orzamento necesario para a execución das actividades vinculadas ao Convenio conforme ás cláusulas do mesmo.
 - b) Pór a disposición dos profesionais vinculados ao programa InTrES espazos e equipos da súa titularidade para o seu desenvolvemento.
 - c) Asumir a preparación necesaria para a contratación das actividades vinculadas a empresas e organizacións externas no presente Convenio.
3. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que o seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.
4. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Así mesmo, ambas partes comprométense a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

Sexta.- Gastos subvencionables

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo co recollido na cláusula segunda e que se realicen no período que se indica na cláusula cuarta do convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
2. Os custos asociados a adecuación das instalacións adicadas á investigación.
3. Os custos de adquisición de equipamento científico-técnico de material funxible non inventariable vencellado directamente ás actividades desenvoltas.
4. Os custos de persoal contratado exclusiva e especificamente para a realización da actividade obxecto da axuda, debendo constar expresamente no seu contrato laboral. Non se financiarán os custos de persoal fixo vencellado funcional, estatutaria ou contractualmente á entidade beneficiaria.
5. Os custos de consultoría e servizos equivalentes destinados de maneira exclusiva á acción obxecto da axuda.

6. Os custos inherentes á preparación de actuacións formativas da acción obxecto da axuda, incluíndo o material docente ou formativo.
7. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a Fundación acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

Sétima.- Xustificación das axudas

Para ter dereito ao pagamento da axuda, a FINIBIC en canto entidade beneficiaria deberá entregar a seguinte documentación, axustada aos modelos que figuran nos ANEXOS I e II a este Convenio:

- a) Memoria final explicativa das actividades desenvolvidas e dos obxectivos acadados segundo o recollido no Programa InTrES do Anexo I.
- b) Un resumo da execución das actividades (modelo 2. Anexo II) asinado polo xerente ou director da Fundación, no que conste o concepto do gasto, o proveedor, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.
- c) Documentación acreditativa de realización dos restantes gastos, que consistirá en orixinais ou copias compulsadas da documentación acreditativa dos investimentos ou actuacións consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información de detalle que permita relacionala co gasto xustificado. Cando o beneficiario non dispoña de factúras electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf dos documentos orixinais. En aqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, haberá de aclarar o gasto realizado por outros medios.
- d) Documentación acreditativa de realización dos pagamentos, que consistirá en orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Presentarase xunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento ou o extracto bancario onde figure o cargo correspondente. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir o detalle dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.
- e) No caso de imputación de gastos correntes xustificaranse cunha memoria detallada das imputacións do mesmo ás actividades do convenio. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo director da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- f) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado polo beneficiario poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un

certificado relativo á situación do beneficiario con respecto ao IVE. No caso de que o réxime do IVE sexa a pro rata, o gasto subvencionable calcularase en base a pro rata definitiva do último exercicio pechado antes da concesión da axuda, sendo responsabilidade do beneficiario realizar os axustes correspondentes na liquidación das obrigas fiscais.

- g) Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto, no caso de adquisición de equipamento científico-técnico de material funxible non inventabiable e contratación de servizos ou subministracións e materiais, supere as contías establecidas para o contrato menor no global do proxecto cun mesmo provedor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

Non obstante, no caso de que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para ter a consideración de poder adxudicador deberán someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.

- h) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- i) Os beneficiarios deberán presentar a documentación en soporte papel ou por sede electrónica en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo, os documentos de resumo da execución da subvención (Modelo 2. Anexo II), e de declaración responsable de outras axudas (Modelo 1. Anexo II), deberán enviarse tamén en formato electrónico (.xls, .xlsx, .org, .calc ou similar) ao enderezo electrónico xestion.acis@sergas.gal.
- j) Se a entidade beneficiaria non xustifica o importe total das actuacións desenvolvidas e/ou non acada os obxectivos recollidos no Programa InTrES, a minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio. Así mesmo, si a entidade beneficiaria presenta unha xustificación de gastos inferior ao anticipo percibido deberán acompañar á documentación presentada o xustificante de ingreso na conta da Comunidade Autónoma do importe percibido e non xustificado, sen prexuízo de que se lles poida ser esixida a devolución doutras contías anticipadas unha vez aprobada a xustificación polo órgano competente.

Oitava.- Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei de Subvencións de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do



Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Novena.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereito de propiedade intelectual ou industrial titularidade das partes.

Todos os dereitos derivados da execución deste Convenio de colaboración serán de titularidade e uso común das partes que interveñen na formalización do presente Convenio, sen que ningunha delas asuma a súa explotación ou uso exclusivo.

Para o non previsto expresamente nesta cláusula aplicaranse con carácter supletorio as normas contidas no Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e na normativa de dereito da propiedade industrial.

Décima.- Protección de datos

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes se comprometen a gardar a maior estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluída a presente colaboración.

Undécima.- Non exclusividade

Este convenio non limita as partes para establecer acordos de colaboración con outros terceiros, se fose necesario, para accións relacionadas co obxecto do mesmo.

Décimo Segunda.- Vixencia

O prazo de vixencia deste Convenio vai dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026.

Décimo Terceira.- Réxime de modificación do convenio

De acordo co establecido no artigo 31.4 da lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os



obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia.

En todo caso, a modificación do contido do convenio requirirá acordo das partes asinantes.

Décimo Cuarta.- Comisión de seguimento

No caso de dúbidas ou desavinzas na interpretación deste convenio, calquera das partes asinantes poderá instar a creación dunha Comisión de Seguimento, para dirimir as mesmas, que se reunirá a instancia de calquera delas e que estará formada polos seguintes representantes:

Pola ACIS: A persoa que ostente a Xerencia ou persoa en quen delegue, o cal ostentará voto de calidade en caso de empate.

Pola Fundación: A persoa que asine o convenio ou persoa en quen delegue.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento das accións do Programa InTrES (anexo I).
- O seguimento do desenvolvemento e aplicación do presente Convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos.
- A coordinación das accións de apoio á protección, valorización e transferencia, e o desenvolvemento dos medios adecuados para a súa implementación, de ser preciso.
- A resolución daquelas dúbidas que puideren xurdir no cumprimento, execución ou interpretación deste Convenio.
- Modificación das cláusulas contidas no presente Convenio.

Décimo Quinta.- Alteración das actividades subvencionadas

Toda alteración nas actividades subvencionadas a realizar deberán ser obxecto de autorización pola ACIS e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

Ditas alteracións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver pola FINIBIC ou a ampliación do prazo de execución.

Décimo Sexta.- Causas de resolución

Poderá dar lugar á resolución do Convenio:

1. A introdución de modificacións no Programa InTrES aprobado pola comisión sen xustificación e sen previa autorización escrita da ACIS.
2. O incumprimento das cláusulas do convenio (total ou parcialmente), que a cada parte lle corresponden.
3. A suspensión do convenio por parte da ACIS por razóns de interese público.



4. O acordo expreso e por escrito das institucións asinantes.
5. A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras partes con dous meses de antelación á data de finalización da vixencia do convenio.

Décimo Sétima - Xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan presentar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Décimo Oitava .- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no artigo 46 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, para que así conste, asinan o presente convenio de colaboración no lugar expresado no encabezamento.

Pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, Asdo.: Antonio Gómez Caamaño	Pola Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Asdo.: Luis Verde Remeseiro
--	--



ANEXO I

LÍÑAS DE ACTUACIÓN, BENEFICIARIOS E GASTOS DAS ACTIVIDADES FINANCIABLES

As actividades de I+D+i nos centros de investigación sanitarios de Galicia acadaron cotas de excelencia científica e presenza internacional, dotándose de medios humanos e materiais para a realización de proxectos de investigación de alto impacto nun ámbito próximo ao mercado e en estreito contacto con provedores de servizos e produtos sanitarios.

Un dos elementos identificados como debilidade é a necesidade de impulsar e favorecer a investigación de excelencia mediante a promoción dun modelo de ciencia en aberto baseado no reforzo das infraestruturas institucionais de difusión, almacenamento, preservación e xestión dos resultados de investigación.

Así, o reto que se presenta é o de transformar o coñecemento, o esforzo e os recursos da I+D+i biosanitario en valor económico e social; orientando os esforzos cara a liñas de alta capacidade de transferencia que xeren retornos sostibles de alto impacto.

Estes obxectivos requiren impulsar a profesionalización da xestión da investigación e a innovación no noso sistema sanitario dotándoo de servizos de alto valor engadido

Estes retos supoñen a necesidade de establecer sinerxias con estruturas públicas e privadas con alto nivel de experiencia, que faciliten a optimización dos nosos recursos e orienten a transferencia do coñecemento xerado no noso sistema sanitario ao mercado.

O obxectivo do Programa InTrES é promover ferramentas que permitan unha óptima adquisición e xestión dos recursos necesarios para o acceso á información científica no seo das propias institucións.

Trátase, en definitiva de mellorar a capacitación tecnolóxica, a calidade e a interoperabilidade das infraestruturas dixitais institucionais de información científica dedicadas á difusión, almacenamento, preservación e xestión dos resultados de investigación, necesarias para a ciencia en aberto, tales como os repositorios institucionais, os sistemas de xestión de información curricular ou os sistemas de xestión da investigación institucional, e os servizos de publicacións institucionais responsables da edición de revistas científicas.

As Liñas de actuación a desenvolver no marco do Programa InTrES:

- Toda aquela actividade, considerada en senso amplo, relacionada coa execución, preparación, promoción e xestión, internacionalización e apoio técnico á divulgación do coñecemento en saúde.
- Desenvolvemento e execución de actividades dirixidas á difusión dos resultados e a comunicación social da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- Incrementar e potenciar os recursos necesarios para poder producir ciencia e tecnoloxía de calidade.

- Propiciar unha contorna que favoreza o desenvolvemento de resultados científicos cara niveis avanzados de madurez tecnolóxica a través de canles de transferencia entre investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial.
- Fortalecer institucionalmente as unidades e centros de investigación para poder acadar posicións de liderado internacional.
- Mellorar as instalacións científico-técnicas e o equipamento científico-técnico de material funxible non inventariable para dotar ao persoal investigador das ferramentas necesarias para poder ser internacionalmente competitivo.

Beneficiarios das axudas

As Fundacións de Investigación Sanitaria de Galicia, en canto ferramentas de xestión que permite solventar a dificultade que ten os investigadores biosanitarios á ora de promover e xerar unha investigación de excelencia, debido principalmente a súa carga asistencial a ás dificultades técnicas de execución de proxectos, o que sen dúbida ralentiza os avances no coñecemento en saúde e o potencial desenvolvemento de investigacións transformadoras e de impacto na saúde.

Actuacións obxecto de financiamento

Serán gastos subvencionables os proxectos de investigación que precisen realizar actividades destinadas a xerar unha investigación de excelencia, desenvolvidas dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de novembro de 2026, para as seguintes accións:

- a) Gastos de adquisición de material e pequeno equipamento científico-técnico de material funxible non inventariable vencellado directamente ás actividades desenvoltas.
- b) Gastos de subcontratación de servizos de I+D+i e servizos de consultoría tecnolóxica destinados de maneira exclusiva ás actividades desenvoltas. Estes gastos considéranse subvencionables sempre que as actividades obxecto da contratación aporten valor engadido ó proxecto e non poidan ser asumidos directamente polas entidades beneficiarias.
- c) Gastos de subcontratación de servizos asociados á validación técnica e económica das funcionalidades da tecnoloxía/produto por potenciais clientes, estratexia comercial, etc.



ANEXO II. MODELOS DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

modelo 1: DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

PROCEDEMENTO
PROGRAMA DE IMPULSO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN TRASLACIONAL DE EXCELENCIA EN SAÚDE DE GALICIA (InTrES)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DECLARA

- ☐ Que non solicitou e non se lle concederon axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, autonómicos, estatais, da Unión Europea ou de organismos Internacionais
- ☐ Que solicitou e se lle concederon (ou se está pendente de resolución de concesión), axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, autonómicos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, como se indica a continuación:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA Á QUE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DA SOLICITUDE	DATA DE CONCESIÓN (1)	IMPORTE

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE					
Lugar e data					
	,	de	de		

modelo 2: INFORME ACTIVIDADES



PROGRAMA DE IMPULSO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN TRASLACIONAL DE EXCELENCIA EN SAÚDE DE GALICIA (InTrES)

1. Identificación da entidade beneficiaria

Razón social	ACRÓNIMO	NIF
Domicilio Social		
Teléfono	Enderezo electrónico	
Persoa de contacto		

2. Identificación da actividade desenvolta:

Denominación da actividade:	Código do proxecto:
	InTrES

Representante legal da entidade beneficiaria:

Data de inicio:	Data remate:

Nome e apelidos e sinatura do representante legal:	Data

A. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

A.1 Describa as actividades e os fitos chave desenvoltos e tamén ao persoal implicado nelas.

B. EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

B.1. Situación xeográfica da actividade e localización dos equipamentos científico-técnicos nas instalacións do centro

B.2 Gastos realizados. Para cada un dos equipamentos científico-técnicos adquiridos deberá completarse a táboa que se indica



Número de identificación		
Tipo de gasto	Equipamento científico e técnico funxible non inventariable	☐
	Adquisición de material informático de carácter especializado funxible e non inventariable	☐
Concepto		
Breve descrición:		

(deberase copiar a táboa tantas veces como adquisición de material teña o proxecto)

C. DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE

C.1. Indique a difusión realizada da actividade.

D. IMPACTOS E REPERCUSIÓNS DA ACTIVIDADE

D.1. Impacto e repercusión obtidos ata o momento sobre as liñas e sobre o aumento das capacidades do centro derivados

